

- Estudos arquitectura, despachos de abogado
- Asesorías, contabilidade, seguros, xestorías
- Asociacións sociais, culturais e deportivas
- Exposición e venta coches, motocicletas, cociñas...
- Clínica dental
- Confeitaría , pastelería, lambetadas, panaderías adicadas a venta
- Copistería, prensa, quioscos
- Decoración e interiorismo
- Estación autobuses
- Estancos, loterías
- Farmacias, consulta medicos
- Fotografía, informática, librerías
- Garderías, escolas, institutos de ensionanza
- Inmobiliarias
- Notaría; nutrición e dietética-venta;
- Oficinas; ópticas; organización nacional de cegos; ortopedia.
- Pompas fúnebres
- Salóns de beleza; sanatorios; saunas e masaxes
- Teatros
- Tintorerías
- Veterinaria-consulta; video club; viveiros de plantas;
- ximnasios; xeladerías; xogos recreativos

ANEXO III

- Café-bar (con o sin comidas), cafeterías; casas de comidas
- Hamburgueserías, bocaterías
- Pizzerías;pub
- Taberna

ANEXO IV

- Talleres (automóvil, bicicletas, cadros e molduras, reloxería, carpintería, metálica, fontanería, ebanistería e similares)
- Bancos e Caixas de aforro.
- Hoteis, hostais , hospedaxes, casas de turismo rural.
- Restaurante, churrasquería, mesón.
- Discotecas, salas de festa, salóns de baile.
- Elaboración e envasado de viños, productos cárnicos, etc..
- Fábricas, industrias transformadoras de alimentos, panaderías
- Imprentas
- Laboratorios
- Maquinaria industrial, material construción
- Supermercados
- Servizos técnicos reparación electrodomésticos.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIRO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e

descarga de mercancías de calquera clase e outros usos similares.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da Taxa, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal con entradas de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas e terreos de uso público, reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, ou carga e descarga de mercancías de calquera clase.
2. Nos supostos de entrada de vehículos ou carruaxes, o feito imponible realízase aínda nos casos en que non sexa precisa a reserva de vía pública por estar o acceso situado en zona de aparcadoiro prohibido.
Entenderase realizado o feito imponible da taxa de entrada de vehículos, sempre que exista rebaixe do borde e/ou beirarrúa ou se interrompan a un e outro lado, con independencia de quen ou cando se fixera, sendo o propietario do inmovible o obrigado a formalizar as declaracións de alta, baixa ou variacións no Padrón fiscal,
3. En ningún caso, o inicio do procedemento de xestión ou o pago da cota implicará que se entendan como autorizadas polo Concello de Ponte Caldelas as distintas ocupacións ou reservas.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

1. Serán suxeitos pasivos contribuíntes desta Taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficie do aproveitamento, se aínda non se concedera a oportuna autorización.
2. Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta Taxa os propietarios das fincas e locais a que dean acceso as entradas de vehículos ou carruaxes, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

1.A cota desta Taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

TIPOS DE USO	COTA ANUAL
00. Entrada a fincas particulares	12,68 €
01.Garaxe particular e Comunitario	
-Ata 5 prazas	31,70 €
-De 6 a 20 prazas	73,97 €
-Máis de 20 prazas... ..	158,52 €
02.Taller reparación, instalación de componentes ou exposición de vehículos de toda clase, almacéns e similares	158,52 €
03.Establecementos industriais de toda clase, locais de empresas de transporte	158,52 €
04.Establecementos comerciais de todo tipo, hostelería	73,97 €
-Obtención da placa de sinalización homologada	15,00 €
-Alta na reserva de entrada de vehículos, incluída placa de sinalización Homologada	30,00 €
-Reserva vía pública carga e descarga... ..	20,00 €

2. Os pasos que se utilicen para máis dun uso dos especificados nas tarifas tributarán pola que corresponda á mais alta segundo os usos especificados nas tarifas.
3. Cando un mesmo paso sexa utilizado por 2 ou máis usuarios facturárase a cada un pola tarifa que lle corresponda.

4. Os garaxes públicos ou comunitarios con dous vados repartiranse o número de prazas por metade. Se dixuxeran de tres ou mais vados facturárase a dous por metade e o resto polo mínimo que lles corresponda.
5. As comunidades de garaxes con mais dunha pranta e/ou que integren edificios con división horizontal propia, facturárase sumando os importes que lles correspondería a cada un dos edificios ou plantas por separado.

ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS

Soamente admitiranse os beneficios que veñan establecidos en normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 7º. DEVENGO

1. O período impositivo coincidirá co ano natural. A taxa devengarase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta ao longo do período impositivo, que se producirá no momento da citada alta. No caso de servizos puntuais a taxa devengarase no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.
2. As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período sinalado.

ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN

1. Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirá a Taxa en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciar o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
2. Cando se trate de servizos de debeño periódico liquidarase e esixirá a Taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da Taxa ou no padrón anual de exacciones municipais.

Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, procederase a liquidar e notificar a débeda, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para as liquidacións de contraído previo, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 9º. INGRESO

1. No caso de servizos puntuais o pago realizarase na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación sinalense. En todo caso, o ingreso será anterior ao comezo dos expedientes de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
2. Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas para que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

ARTIGO 10º. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11º. NORMAS DE XESTIÓN

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta Taxa, deberán presentar solicitude acompañada de plano, detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Con carácter previo á autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento abonará o importe da Taxa en calidade de depósito previo.

En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da Taxa ingresada en calidade de depósito previo.

2. Unha vez autorizada ou concedida licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado.
3. Cando finalice o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da Taxa e fornecerá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratarse por meses. A non presentación da baixa determinará a obrigaçión de continuar abonando a Taxa.

A solicitude de baixa no Padrón da taxa quedará condicionada á efectiva restitución do dominio público local, subrogándose, no seu caso, o propietario do inmovible nesta obrigaçión e con independencia de quen efectúase o rebaixe da beirarrúa ou do bordo, ou a interrupción da beirarrúa, así como a retirada e entrega da placa de vado permanente nas oficinas do Concello, do que se dará xustificante de entrega ao interesado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta Ordenanza Fiscal, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no BOP, entrará en vigor con data de 1 de xaneiro de 2008.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Dende a entrada en vigor desta ordenanza queda derrogada a anterior Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por licenza de autotaxis e demais vehículos de aluguer, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúen o feito imponible desta Taxa, a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, sinalanse a continuación:
 - a) Concesión e expedición de licenzas.
 - b) Autorización para transmisión de licenzas, cando cumpra a súa otorgamento, con arranxo á lexislación vixente.
 - c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
 - d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
 - e) Dilixenciamento dos libros-rexistro das empresas de servizos de transporte das clases C e D.